



CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL ENTRE LA AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E ABBOTT LABORATORIES S.A. PARA A COLABORACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DUN PLAN DE FORMACIÓN SOBRE DIABETES E O USO DOS SENSORES DE MONITORIZACIÓN DE GLUCOSA INTERSTICIAL.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral Técnica, DECLARA:

Que Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde formalizou, o día 18 de xuño de 2025, coa entidade ABBOTT Laboratories S.A o instrumento convencional arriba referido, cun prazo de vixencia dende o día seguinte ao da sinatura ata o 31 de decembro de 2025. Non obstante, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes do convenio poderán acordar a súa prórroga.

Que o instrumento convencional ten por obxecto articular a colaboración para a impartición dun curso de formación para os profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde sobre diabetes e o uso de sensores de monitorización de glucosa intersticial. Reflexa o compromiso de ambas partes en mellorar o manexo e a comprensión da diabetes, tanto para os pacientes como para os profesionais en saúde, co fin de apoiar os/as pacientes como para os/as profesionais da saúde, co fin de apoiar os/as pacientes diabéticos, mellorar a súa calidade de vida e favorecer o tratamento da súa condición.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

Que polo Decreto 112/2015 do 31 de xullo, creouse a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (en diante ACIS), adscrita a Consellería de Sanidade. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está o de elaborar, en réxime de descentralización funcional, a planificación en materia de docencia, formación, investigación, innovacións e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, en función dos criterios e obxectivos de planificación estratéxica definidos polo Servizo Galego de Saúde e a Consellería de Sanidade e xestionar o coñecemento no Sistema Público de Saúde de Galicia.

Que segundo o artigo 42 dos seus estatutos, para o cumprimento dos seus obxectivos ACIS poderá contar, entre outros, con recursos procedentes de achegas voluntarias, doazóns, herdanzas, legados e demais achegas a título gratuito de entidades privadas e de particulares.



Que ABBOTT é una organización activa no sector dos dispositivos médicos e tamén de solucións integrais no sector sanitario, que ten como obxectivo lograr unha mellor prestación sanitaria, e que desexa continuar desenvolvendo o seu coñecemento e capacidades para ser recoñecida como unha empresa experta en solucións integrais máis alá da súa oferta tecnolóxica. Por elo, ABBOTT desenvolveu unha ampla rede de colaboración con institucións públicas e entidades ligadas a formación, innovación e divulgación e está en condicións de aportar tanto o coñecemento propio como o da súa rede de colaboradores. ABBOTT é actualmente unha compañía líder a nivel mundial en innovación sanitaria tanto en tecnoloxía como en servizos e solucións integrais para centros hospitalarios.

Que o presente convenio formalizouse ao amparo do establecido no artigo 48.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no que se prevé que "As administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes..., no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios cos suxeito de dereito público e privado, sen que elo supoña unha cesión da titularidade da competencia", e de modo específico, no artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, no que se regulan os "Convenios de colaboración empresarial en actividades de interese xeral" e en cuxo apartado 1 establecece que "Entenderase por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral, aos efectos previstos nesta lei, aquel polo cal as entidades as que se refire o artigo 16, a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, xa sexa dineraria, en especie ou consista nunha prestación de servizos realizada no exercicio da actividade económica propia do colaborador, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador en ditas actividades. Esta difusión poderá ser realizada, así mesmo, polo colaborador. A difusión da participación do colaborador no marco dos convenios de colaboración definidos neste artigo non constitúen unha prestación de servizos".

Que a diabetes é unha das enfermidades con maior incidencia a nivel mundial, e unha das principais causas de morte prematura en adultos. Ademais, o control da patoloxía debe ser permanente e exhaustivo tras o seu diagnóstico.

Neste sentido, a tecnoloxía é un gran aliado que facilita o manexo da enfermidade polo propio paciente, a súa adherencia ao tratamento, e mellora a súa calidade de vida. As innovacións no ámbito desta patoloxía son amplas, perseguindo resolver as necesidades que orixina a patoloxía con tecnoloxía que mellora a calidade de vida dos pacientes diabéticos, o seu control, e axudar ao profesional para seguir a súa situación.

Co obxecto de seguir fortalecendo o apoio aos pacientes que sofren esta enfermidade, considerase conveniente impulsar a impartición dun curso de formación aos profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde sobre diabetes e o uso de sensores de monitorización de glucosa intersticial, reflectindo o compromiso de ambas partes na mellora e no manexo e a





comprensión da diabetes, tanto para os pacientes como para os profesionais da saúde.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

